

Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DO 5 DE ABRIL DE 2024 POLO QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "+CONVIVENCIA" PARA O ANO 2024

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DO 5 DE ABRIL DE 2024 POLO QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "+CONVIVENCIA" PARA O ANO 2024

BDNS(IDENTIF.):752961

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións:

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/752961>)

1. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social, asociacións de mulleres, asociacións de maiores, asociacións veciñais e culturais e ANPA que teñan a sede social ou unha delegación na provincia de Pontevedra, de acordo co establecido na base quinta.

2. Obxecto

O obxecto destas bases é regular o procedemento polo que se rexerán as solicitudes de participación no programa "+Convivencia" 2024 para entidades sen ánimo de lucro que reúnan os requisitos previstos na convocatoria.

A finalidade do programa "+Convivencia" é crear espazos de participación para as entidades da provincia de Pontevedra onde poidan compartir experiencias e poñer en valor o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.

3. Lexislación aplicable

Bases reguladoras aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra do 5 de abril de 2024; LXS; Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; Real decreto



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP); Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público; Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia; e Bases de execución do vixente Orzamento provincial.

4. Contía

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións ascende a douscentos vinte mil euros (220.000) euros.

Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada actividade será de mil (1.000) euros.

5. Prazo de presentación

O prazo para a presentación de solicitudes será do 15 de abril do 2024 ao 1 de decembro de 2024, ata esgotar o crédito dispoñible para a presente convocatoria.

6. Outros datos de interese

Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF da entidade solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.
- Domicilio fiscal da entidade.
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa institución provincial.

En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

As entidades interesadas deberán achegar xunto co modelo de solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

Acreditación da capacidade de representación da persoa que actúa en nome da entidade, en caso de non empregar un certificado electrónico cualificado de representante. Esta acreditación poderá facerse por calquera dos medios recollidos no artigo 5 da LPACAP e no artigo 32 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e



Mércores, 10 de abril de 2024

Núm. 70

funcionamento do sector público por medios electrónicos, e na demais normativa que resulte de aplicación.

Memoria descriptiva da actividade sociocultural para a que se solicita a subvención, segundo o establecido no documento anexo a estas bases (anexo I).

Escritura de constitución da asociación ou da entidade e estatutos vixentes coa composición actualizada da xunta directiva, para aquelas entidades que participen por primeira vez nesta liña de axudas.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe

O presidente,

Luis López Diéguez

Pontevedra, 08/04/2024

O presidente — Luis López Diéguez

